



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: morana@concellos.depontevedra.es
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA
36660 MORAÑA (Pontevedra)

BANDO

BASES DE SUBVENCIONS DE APOIO Á CULTURA, DIRIXIDAS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS. ANO-2011

D. JOSÉ EIRÁS PAZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA
FAI SABER QUE

A A **Deputación** establece as bases reguladoras de concesión de axudas e subvencións públicas destinadas a promover e fomentar actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

OBXECTO.— A Deputación de Pontevedra concederá axudas económicas para promover, fomentar e difundir aquelas actividades culturais que organicen as persoas físicas e xurídicas sen fin de lucro no seu ámbito territorial e, excepcionalmente, fóra deste, cando teñan relevancia para os intereses provinciais, durante o exercizo actual, así como as destinadas a recuperar e conservar o patrimonio provincial, sendo prioritarias nesta convocatoria as accións tendentes a mellorar a calidade de todas as manifestacións culturais contribuíndo á modernización e recuperación da nosa cultura así como as tendentes a xerar beneficios no seu contorno.

BENEFICIARIOS Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas e xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

1. Carecer de fins de lucro (acreditándose en declaración responsable do representante).
2. Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra deste cando versen sobre temas de interese para a provincia.

Non poderán ser beneficiarios destas axudas as ANPAS nin aquelas Asociacións que teñan pendente de xustificar subvencións concedidas no exercizo anterior no mesmo programa.

Prazo de presentación de solicitudes: Ata o 4/2/ 2011

Para mais información pódese acudir ó Concello de Moraña ou chamar por teléfono o número 986 55 30 05

Moraña, 12 de xaneiro de 2011.



O Alcalde
JOSÉ A. EIRÁS PAZ